

PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR DE FORMACIÓN PROFESIONAL

Convocatoria 2022

Toda a información en: <http://www.edu.xunta.gal/fp/acceso-grao-superior-convocatoria-actual>

REQUISITOS:

1. Non ter o título de bacharelato nin outro título que faculte para o acceso ao GS.
2. Ter 19 anos ou facelos ao longo do ano 2022.

INSCRICIÓN:

1. Cubrir a solicitude que aparece no seguinte enderezo e imprimila:
<https://www.edu.xunta.gal/ciclosprobas/Paxinalnicio.do>
2. Presentar a solicitude no IES Universidade Laboral (ou calquera outro centro que teña estudos de FP) entre os días 31 de xaneiro e 11 de febreiro de 2022, ambos os dous incluídos, xunto coa documentación que nela se indica (que pode ser o DNI, certificado de recoñecemento de discapacidade, diagnóstico de TDAH, exención dalgunha parte...). O día 15 de marzo haberá que comprobar a publicación do lugar de realización das probas; se presentades a solicitude no IES Universidade Laboral, o exame probablemente terá lugar nese IES.

A PROBA:

Realizarase o día 28 de abril de 2022. O lugar dependerá de onde entreguedes a solicitude. Cómpre levar:

- DNI SEN CADUCAR
- Copia selada da folla da solicitude.
- Bolígrafos de tinta negra ou azul.
- Calculadora científica non programable para as probas de Matemáticas, Física, Tecnoloxía industrial, Química e Economía da empresa.
- Lapis, compás, regra, escuadra e cartabón en Debuxo técnico.

Estrutura:

1. Parte común (tres probas): Lingua Castelá + Lingua Galega + Matemáticas.

2. Parte específica, que se organiza en 3 opcións en función das familias profesionais aos que posibilita o acceso. Deberá elixirse unha única opción na solicitude (A, B ou C) e dentro da opción elixida, escolleranse soamente dúas materias:
- Opción A: Economía da empresa, Lingua estranxeira (inglés ou francés) e Filosofía.
 - Opción B: Debuxo técnico, Tecnoloxía industrial e Física.
 - Opción C: Ciencias da Terra e ambientais, Química e Bioloxía.

*Poden solicitar exención parcial (da parte común ou da específica, pero NON de materias concretas) aquelas persoas que teñan superada previamente a proba de acceso por outra opción distinta, teñan superada a proba de acceso a ciclos formativos de GS de ensinanzas deportivas ou artísticas, dispoñan dun título de técnico auxiliar, dispoñan dun certificado de profesionalidade de nivel 2 ou superior, teñan recoñecida a condición de deportista de alto rendemento, dispoñan dun título de técnico deportivo ou teñan experiencia laboral equivalente a un ano. A solicitude de exención deberá facerse no momento da inscrición.

*Tamén poden solicitar a exención total da proba aquelas persoas que teñan superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

CUALIFICACIÓNS:

A nota final da proba calcularase sempre que se obteña polo menos unha puntuación de 4,00 puntos en cada parte (común e específica) e será a media aritmética destas. Será positiva a cualificación de 5,00 puntos ou superior; en caso contrario, a nota final cualificarase como “non apto”. Para calcular a nota media de cada parte non é preciso ter unha nota mínima nas materias que constitúen esa parte.

CONSERVACIÓN DA CUALIFICACIÓN OBTIDA NA PARTE SUPERADA: Para quen non superara a proba na súa totalidade, a certificación obtida permitirá manter a cualificación nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a cinco puntos durante un máximo de dous anos nas probas de acceso a ciclos formativos de GS en Galicia. **DÉBESE INDICAR NO MOMENTO DA CUBRIR A SOLICITUDE DE INSCRICIÓN.**

SUPERACIÓN DA PROBA:

No caso de superación da totalidade da proba, a certificación terá validez indefinida e incluírá a relación de familias profesionais ás que se poderá acceder e a través da cota reservada para as

persoas procedentes da proba de acceso. A superación da proba NON é equivalente ao título de bacharelato, nin a ningún outro título, nin proporciona ningunha titulación.

DATAS:

Prestade ben atención aos prazos e datas. Tedes un calendario de todo o proceso na aula virtual (no apartado do departamento de orientación), na páxina da consellería e no taboleiro de novas do IES.

EXAMES ANTERIORES E MATERIAL:

Tedes exemplos, modelos e material na páxina web da consellería.

CALQUERA INFORMACIÓN:

Ante calquera dúbida ou para calquera información que precisedes, non dubidedes en vir polo departamento de orientación ou escribir un correo electrónico á seguinte dirección:

citaorientacion@iesblancoamor.com

MOITA SORTE!